

BIBLIOGRAFÍA

Agustín Fernández Paz naceu en Vilalba (Lugo), no ano 1947. Perito Industrial Mecánico; Mestre de Ensino Primario; Licenciado en Ciencias da Educación; Diplomado en Lingua Galega.

Traballou, primeiro como mestre de EXB e logo como profesor de Lingua Galega e Litratura de Educación Secundaria, en diferentes centros educativos. Entre 1988 e 1990 foi membro do Gabinete de Estudos para a Reforma Educativa, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, formando parte do equipo de Lingua que preparou os Deseños Curriculares para as etapas de Primaria e Secundaria. De 1990 a 1995, traballou como Coordinador Docente de Galego. É membro da Ponencia de Lingua do Consello da Cultura Galega.

Desde mediados dos anos setenta estivo ligado aos movementos de renovación pedagóxica. Foi membro fundador dos colectivos **Avantar e Nova Escola Galega**. Xunto con outros profesores/as, organizou diferentes eventos (Xornadas Municipais de Pedagogía de Mugardos; Xornadas de Normalización Lingüística de Nova Escola Galega, etc.) e participou na elaboración de numerosos materiais didácticos (os principais, detállanse na bibliografía)..

É autor de diversos traballos espallados por xornais e revistas (**As Roladas, Cuadernos de Pedagogía, Revista Galega de Educación, CLIJ, Signos, TEXTOS, Revista Galega do Ensino** (nesta última, levou durante varios anos a sección "O pracer de ler"), etc.). A maior parte dos mesmos xiran ao redor de temas como a normalización lingüística no ensino, a didáctica da lingua, a promoción da lectura, a literatura infantil e a introducción dos medios de comunicación nas aulas. Sobre estes temas impartiu numerosos cursiños e conferencias, tanto dentro como fóra de Galicia.

Ademais dos premios correspondentes ao seu labor literario (Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, Merlín, Lazarillo, Edebé Juvenil, Rañolas, Raíña Lupa, Protagonista Jove, O Barco de Vapor, Edebé Infantil, Premio Neira Vilas, Premio da AELG, Lista de Honra do IBBY, presenza na selección The White Ravens...) hai outros traballos seus que mereceron diferentes galardóns. Entre eles, cabe salienta o 1º premio dentro do **"Concurso de Guións de Vídeos Didácticos"** do Concello de Fene, cun traballo escrito en colaboración co historiador Bernardo Maiz e titulado **Xan de Xenaro: memoria de 32 anos**, sobre a vida dun guerrilleiro do "maquis" galego.

Polo conxunto dos seus escritos sobre cómics concedéuselle, en 1992, o **"Premio Ourense de Banda Deseñada"**. No ano 2001, os concellos da Terra Chá dedicáronlle o Día das Letras Chairegas. No ano 2004 foille concedido o premio **"Irmandade do Libro"**, outorgado pola Federación de Libreiros de Galicia ao mellor autor do ano. No 2007, a OEPLI (Organización Española para el Libro Infantil) presentouno como candidato ao Astrid Lindgren Memorial Award. No ano 2008, concedéuselle o Premio Xosé Mª Álvarez Blázquez ao autor galego do ano, outorgado pola Asociación de Editores.

Codirixiu e participou na elaboración de diversas series de materiais didácticos: **Nobelos de Papel** (para o ensino globalizado en galego no Ciclo Inicial), **¡Ámote, mundo!** (para a Área de Experiencias) e as series de Lingua Galega, **CANLES**, **LABIA** e as diversas series de **LINGUA E.S.O.**. A un destes libros, **CANLES 5**, concedéuselle o **Premio Nacional "Emilia Pardo Bazán"**, instituído polo MEC, para libros de texto non sexistas.

LIBROS PUBLICADOS

(Non se inclúen os relatos publicados en volumes colectivos ou revistas, nin tampouco os textos teóricos publicados en revistas especializadas)

A) Textos Narrativos:

- **A CIDADE DOS DESEXOS.** Ilustracións: Manuel Uhía. Edicións Xerais, 1989.

Traducido ao castelán (La ciudad de los deseos. Lóguez, 1997).

* Nova edición, revisada e actualizada: Xerais, 2006.

- **AS FLORES RADIATIVAS.** (Premio Merlín de Literatura para nenos, 1989). Ilustracións: Miguelanxo Prado. Edic. Xerais, 1990.

Traducido ao catalán (Les flors radioactives. Edit. Bromera, 1991), ao eusquera (Lore erradiaktiboak. Edit. Elkar, 1993), ao castelán (Las flores radiactivas. Lóguez Ediciones, 1995) e ao bable (Les flores radioactives. Editora del Norte, 1996).

- **CONTOS POR PALABRAS** (Premio Lazarillo, 1990. Lista de Honor do IBBY para o bienio 1990-92. Finalista do Premio Nacional de Literatura no ano 1992). Ilustracións: Miguel Vigo. Edicións Xerais, 1991 Traducido ao castelán, (Cuentos por palabras. Ediciones SM, 1991; nova edición, ampliada, en 1999), catalán, (Contes per paraules. Cruïlla, 1991), eusquera (Iragarke ipuinak. Ediciones SM, 1992), bable (Cuentos por palabras. Trabe, 1993) e francés (Le livre des petites annonces. La Joie de Lire, 2001).

* Nova edición, ampliada, con ilustracións de Enjamio: Xerais, 2001. Premio Lecturas de GALIX, do ano 2003.

- **LONXE DO MAR.** Ilustracións: Fran Jaraba. Edelvives, 1991.

- **O TESOURO DO DRAGÓN SMAUG.** Ilustracións: Fran Jaraba. Edit. Galaxia, 1992. Traducido ao castelán (El tesoro del dragón Smaug. La Galera, 1992), ao catalán (El tesoro del drac Rebuf. La Galera, 1992) e ao eusquera (Smaug dragoiaren altxorra. Elkar, 1992).

- **AS TUNDAS DO CORREDOR.** (Lista de Honor da CCEI, 1995). Ilustracións: Fran Jaraba. Edelvives, 1993.

Traducida ao castelán (Las sombras del pasillo. Edelvives, 1995).

* Nova edición, revisada e ampliada: **FANTASMAS NO CORREDOR.** Ilustracións: Óscar Villán. Xerais, 2005. Traducido ao catalán (Fantasmes al passadís, Bromera, 2005) e ao castelán (Fantasmas en el pasillo. Algar, 2005).

- **RAPAZAS.** Ilustracións: Miguelanxo Prado. Edicións Xerais, 1993. Traducida ao castelán (Rapazas. Lóguez Ediciones, 1996), ao eusquera (Neskatzak. Erein, 1996) ao catalán (Xiques. Tàndem Edicións, 1997) e ao portugués (Raparigas. Dom Quixote, 1999).

* Nova edición, ampliada e revisada: **RAPAZAS.** Xerais, 2003. Traducida ao castelán (Muchachas. Anaya, 2006)

- **TRECE ANOS DE BRANCA.** (Premio EDEBÉ de Literatura Xuvenil, no ano 1994). Ilustracións: Manuel Uhía. Edebé, 1994.

Traducida ao castelán (Trece años de Blanca. Edebé, 1994), ao catalán (Tretze anys de Blanca. Edebé, 1994) e ao eusquera (Albak hamahiru urte. Elkar, 2001).

* Nova edición, revisada, en galego (Rodeira-Edebé, 2005) e castelán (Edebé, 2005).

- **UNHA LÚA NA FIESTRA.** Ilustracións: Fran Jaraba. Galaxia, 1994.

- **CARTAS DE INVERNO.** (Premio Rañolas do ano 1995. Finalista no Premi Protagonista Jove, do Consell Catalá del Llibre). Edicións Xerais, 1995.

* Nova edición, revisada e ampliada: Xerais, 2007.

Traducida ao catalán (Cartas d'hivern. Bromera, 1997), ao eusquera (Neguko gutunak. Elkar, 1997), ao portugués (Cartas de inverno. Contemporánea Editora, 1998) e ao castelán (Cartas de invierno. Ediciones SM, 1998).

* Nova edición en castelán, revisada: Ediciones SM, 2006)

- **AMOR DOS QUINCE ANOS, MARILYN.** Ilustracións: Andrés Meixide. Edicións Xerais, 1995 (nova edición: Xerais, 2001).

Traducida ao castelán (Amor de los quince años, Marilyn. Ediciones SM, 1997) e ao catalán (Amor dels quinze anys, Marilyn, Bromera, 1999).

- **AVENIDA DO PARQUE, 17.** Ilustracións: Xan López Domínguez. Ediciones SM, 1996 (nova edición, revisada, no ano 2002).

Traducida ao catalán (Avinguda del Parc, 17. Cruïlla, 1999), ao castelán (Avenida del Parque, 17. Ediciones SM, 2002) e ao árabe (na editorial libanesa Dar Al-Majani, 2003).

- **O CENTRO DO LABIRINTO.** (Finalista do Premio Nacional de Literatura no 1998) Edicións Xerais, 1997.

Traducido ao catalán (El centre del laberint. Barcanova, 1999), ao castelán (El centro del laberinto. Algar, 2002) e ao portugués (O centro do labirinto. Ambar, 2002).

- **A NÉBOA ESCURA.** Ilustracións: Miguelanxo Prado. Consellería de Educación, Xunta de Galicia, 1998.

- **O LABORATORIO DO DOUTOR NOGUEIRA.** Ilustracións: Francisco Bueno. Edicións Xerais, 1998.

Traducida ao castelán (El laboratorio del doctor Nogueira. Ediciones SM, 1999), ao eusquera (Nogueira doktorearen laborategia. Elkar, 1999), ao catalán (El laboratorí del doctor Nogueira. Editorial Cruïlla, 2000) e ao portugués (O laboratório do Doutor Nogueira. Ambar, 2004).

- **COS PÉS NO AIRE.** (Premio "Raíña Lupa" da Deputación de A Coruña. Finalista do Premio Nacional de Literatura no ano 2000. Finalista do Premi Protagonista Jove 2002). Ilustracións: Miguelanxo Prado. Edicións Xerais, 1999.

Traducido ao castelán (Con los pies en el aire. Anaya, 2001), ao catalán (Amb els peus enlaire. Barcanova, 2001) e en eusquera (Oin hegalariak. Anaya, 2001).

- **AS FADAS VERDES.** Ilustracións: Asúna Balzola. Ediciones SM, 1999.

Traducida ao castelán (Las hadas verdes. Ediciones SM, 2000). Placa de Plata de El Barco de Vapor no ano 2007) e ao catalán (Las fadas verdes. Cruïlla, 2008)

- **A NUBE DE CORES.** Ilustracións: Xoán C. Martínez. Edicións Sotelo Blanco, 1999.

- **O SOÑO DO MERLO BRANCO.** Ilustracións: Manuel Uhía. Everest Galicia, 2000.

Traducido ao castelán (El sueño del mirlo blanco. Everest, 2000).

- **AIRE NEGRO.** Edicións Xerais, 2000 (Lista de Honra do IBBY do ano 2001. Incluído nos The White Ravens 2001 da Internationale Jugendbibliothek de Munich. Gañador do 6º Premi de literatura Protagonista Jove 2002).

Traducido ao catalán (Aire negre. Edicións Bromera, 2000), ao castelán (Aire negro. Ediciones SM, 2001) e ao eusquera (Aire beltza, Elkar, 2004).

* Nova edición en castelán, revisada, en Ediciones SM, 2006.

* Nova edición en galego, revisada, en Edicións Xerais, 2009

- **ANA E O TREN MÁXICO.** Ilustracións: Enjamio. Caixanova, 2001.

- **NO CORAZÓN DO BOSQUE.** Ilustracións: Miguelanxo Prado. Anaya, 2001. (Nova edición: Xerais, 2002). Finalista do Premio Nacional de Literatura no ano 2002.

Traducido ao castelán (En el corazón del bosque. Anaya, 2001), ao catalán (En el cor del bosc. Barcanova, 2001) e ao eusquera (Basoaren bihotzean. Anaya, 2001)

- **UN TREN CARGADO DE MISTERIOS.** Ilustracións: Enjamio. Edicións Xerais, 2001. Premio Lecturas, de GALIX, no ano 2003. Traducido ao castelán (Un tren cargado de misterios. Anaya, 2004).

- **NOITE DE VORACES SOMBRAS.** Edicións Xerais, 2002. Finalista do Premio Nacional de Literatura no ano 2003.

Traducido ao catalán (Nit d'ombres voraces. Bromera, 2003), ao castelán (Noche de voraces sombras. SM, 2003) e ao eusquera (Itzal suntsigarrien gaua. Pamiela, 2005).

- **O MEU NOME É SKYWALKER.** Premio O Barco de Vapor 2003. Ilustracións: Juan Ramón Alonso. Ediciones SM, 2003. Incluído en The White Ravens 2003 da Internationale Jugendbibliothek de Munich. Premio Lecturas de GÁLIX, 2005.

Traducido ao castelán (Mi nombre es Skywalker. SM, 2003), ao catalán (Em dic Skywalker, Cruïlla, 2005) e ao coreano (editorial Myung Jin, 2004).

Existe tamén unha edición no Círculo de Lectores (2005).

- **A SEREA DA ILLA NEGRA.** Ilustracións: Miguelanxo Prado. Tambre-Edelvives, 2003.

- **A PRAIA DA ESPERANZA.** Ilustracións: Teresa Novoa. Edicións Xerais, 2003.

- **TRES PASOS POLO MISTERIO.** Edicións Xerais, 2004. Traducido ao catalán (Tres passes pel misteri. Bromera, 2004) e ao castelán (Tres pasos por el misterio. Anaya, 2009).

- **RAQUEL TEN MEDO.** Ilustracións de Marina Seoane. Edicións Xerais, 2004. Edición en catalán en Bromera (Raquel té por. Bromera, 2004), en castelán en Algar (Raquel tiene miedo. Algar, 2004) e en eusquera (Rakel beldur da. Erein, 2004)

- **LAURA E OS RATOS.** Ilustracións de Rocío del Moral. Edicións Xerais, 2004. Edición en catalán en Bromera (La Laura i els ratolins. Bromera, 2004), en castelán en Algar (Laura y los ratones. Algar, 2004) e en eusquera (Laura eta saguak. Erein, 2004).

- **A ESCOLA DOS PIRATAS.** Gañador do XIII Premio Edebé de Literatura Infantil, 2005. Ilustracións de Luis Filella. Rodeira-Edebé, 2005. Traducido ao castelán (La escuela de los piratas. Edebé, 2005), ao catalán (L'escola dels piratas. Edebé, 2005) ao eusquera (Piraten eskola. Giltza, 2005) e ao coreano (Editorial Book in Fish, 2010)

- **A FUXIDA DO MAR.** Ilustracións de Enric Solbes. Edicións Xerais, 2005. Edición en catalán (La fugida del mar. Bromera, 2005), en castelán (La huida del mar. Algar, 2005) e en eusquera (Itsasoak ihes . Erein, 2005).

- **A NOITE DOS ANIMAIS.** Ilustracións de Enjamio. Galaxia, 2005.
Traducido, en versión revisada e ampliada, ao catalán (La nit dels animals. Bromera, 2008) e ao castelán (La noche de los animales. Algar, 2009)

- **¡QUE MEDO, MAMÁ RAQUEL!** Ilustracións de Fran Jaraba. Edicións Xerais, 2005.

- **UN RADIANTE SILENCIO.** Ilustracións de Pablo Auladell. Anaya, 2005 (edición non venal). En edición venal: Anaya, 2006.

- **CORREDORES DE SOMBRA.** Edicións Xerais, 2006. Premio Frei Martiño Sarmiento, 2007. Tradución ao castelán (Corredores de sombra. Ediciones SM, 2006) e ao catalán (Passadis d'ombra. Edicions Bromera, 2007).

- **O RAIÓ VELOZ.** Ilustracións de Andrés Meixide. Editorial Planeta&Oxford, 2006. Traducido ao castelán (El Rayo Veloz. Editorial Planeta&Oxford, 2007).

- **QUERIDO INIMIGO.** Ilustracións de Tesa González. Rodeira-Edebé, 2006. Traducido ao castelán (Querido enemigo. Edebé, 2006).

- **OS GARDIÁNS DO BOSQUE.** Ilustracións de Cristina Durán e Giner Bou. Baía Editorial, 2006. Traducido ao catalán (Els guardians del bosc. Bromera, 2006), ao castelán (Los guardianes del bosque. Algar, 2006) e ao eusquera (Basoaren zaindaria. Erein, 2006).

- **O ÚNICO QUE QUEDA É O AMOR.** Xerais, 2007. Premio Neira Vilas 2007, da Asociación de Editores Galegos. Premio da AELG á mellor obra de LIX do ano 2007. Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil do Ministerio de Cultura no ano 2008. Premio Frei Martiño Sarmiento 2009, Lista de Honra do IBBY 2010.

Traducido ao castelán (Lo único que queda es el amor. Anaya, 2007), ao portugués (Só resta o amor. Edições Nelson de Matos, 2008 e 2009), ao catalán (Només ens queda l'amor, Bromera, 2008 e 2009) e ao eusquera (Maitasuna da geratzen den bakarra. Elkar, 2009). Próxima tradución ao coreano.

- **A PASTELARÍA DE DONA REMEDIOS.** Ilustracións de Mabel Piérola. Rodeira-Edebé, 2008. Traducido ao castelán (La pastelería de doña Remedios. Edebé, 2008).

- **¡UPA!** Ilustracións de Noemí Villamuza. Xerais, 2008. Traducido ao castelán (¡Aúpa! Algar, 2008), ao catalán (Amunt! Bromera, 2008) e ao eusquera (Aupa! Erein, 2008).

- **LÚA DO SENEGAL.** Ilustracións de Marina Seoane. Xerais, 2009. Premio da AELG á mellor obra de LIX do ano 2009. Lista de Honor 2010 da CCEI. Traducido ao castelán (Luna de Senegal. Anaya, 2009) e ao catalán (Lluna de Senegal. Barcanova, 2010)

- **A DAMA DA LUZ.** Ilustracións de Jorge Magutis. Xerais, 2009.

- **VALADOS.** Ilustracións de Xan L. Domínguez. Xerais, 2009. Traducido ao castelán (Muros. Ediciones SM, 2010) e ao catalán (Murs. Editorial Cruïlla, 2010).

- **CORAZÓN DE PEDRA.** Oxford, 2011. Traducido ao castelán e ao catalán (as tres edicións en N de 2011).

- **FANTASMAS DE LUZ.** Ilustracións de Miguelanxo Prado. Xerais, 2011.
Traducido ao castelán (Fantasmas de luz, Anaya, 2011) e ao catalán (Bromera, 2011).

- **AS FRONTEIRAS DO MEDO.** Próxima publicación en Rodeira-Edebé.

- **NON HAI NOITE TAN LONGA.** Próxima publicación en Edicións Xerais.

B) Textos teóricos:

- **PARA LERMOS CÓMICS.** Consellería de Cultura, Xunta de Galicia, 1989. (Traducido ao bable, na editorial Libros del Peixe, 1992).

- **28 LIBROS DA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA.** Consellería de Cultura, Xunta de Galicia, 1989.

- **OS LIBROS INFANTÍS GALEGOS.** Consellería de Cultura, Xunta de Galicia, 1989.

- **LER EN GALEGO (1):** Estratexias e libros para a animación á lectura dende as aulas. Editorial Ir Indo, 1990.

- **FACERMOS CÓMICS (Unidade Didáctica),** Edicións Xerais, 1991.

- **ANIMACIÓN Á LECTURA** (Unidade Didáctica, escrita en colaboración). Edic. Xerais, 1991.

- **OS CÓMICS NAS AULAS.** Edicións Xerais, 1992.

- **A LINGUA GALEGA NO PROXECTO EDUCATIVO E NO PROXECTO CURRICULAR.** Consellería de Educación, Xunta de Galicia, 1993.

- **A MAXIA DAS PALABRAS.**
Consellería de Educación, Xunta de Galicia, 1998.

- **A LITERATURA INFANTIL E XUVENIL EN GALEGO.**
Edicións Xerais, 1999.

- **O PROCESO DE NORMALIZACIÓN DO IDIOMA GALEGO. 1980-2000.**
Volume 2: EDUCACIÓN
(coautor, con Xan M. Bouzada e Anxo M. Lorenzo Suárez)
Consello da Cultura Galega, 2003

- **A PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA NOS CENTROS EDUCATIVOS**

(coautor, con Anxo M. Lorenzo Suárez e Fernando Ramallo)

Secretaría Xeral de Política Lingüística – Consellería de Educación, 2007

- **GUÍA PRÁCTICA PARA A PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA NOS CENTROS EDUCATIVOS.**

(coautor, con Anxo M. Lorenzo Suárez e Fernando Ramallo)

Secretaría Xeral de Política Lingüística – Consellería de Educación, 2007